

## CARAPUCHIÑA VERMELLA

A finalidade da Educación Infantil é contribuír ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual de nenos e nenas.

A Educación Infantil é unha etapa educativa con identidade e características propias. Nesta etapa educativa debe contribuírse a compensar desigualdades e a facer efectivo o principio de igualdade de oportunidades; cómpre atender á diversidade existente nas aulas e axustar a acción educativa ao ritmo de crecemento, desenvolvemento e aprendizaxe de cada neno e nena, tendo en conta as súas experiencias familiares, sociais e culturais. Así mesmo, hai que favorecer a construción dos valores democráticos para a vida e a convivencia.

Os roles de xénero son ideas ou estereotipos que se asignan ás persoas dependendo do sexo co que nacen (masculino ou feminino). Dende o mesmo momento en que esta asignación se realiza, a vida da persoa vese influenciada e dirixida por formas de actuar, expectativas e obrigas impostas por ese rol.

Os roles son transmitidos e adquiridos de xeito case inconsciente dende o mesmo momento do nacemento por medio da familia, da educación, dos medios de comunicación. . .

Tomando como base para a análise o conto de Carapuchiña Vermella, na aula de cuarto de Educación Infantil, tratouse de observar se estas diferenzas e estes roles de xénero son realmente perceptíbeis na obra. Así mesmo estudáronse outras versións do mesmo conto para ver se o tratamento das personaxes e o discurso que se ofrece realmente varía.

O proxecto tivo como obxectivo percibir actitudes sexistas nos medios de transmisión cultural máis utilizados entre nenos e nenas, os contos.

A importancia deste asunto vai alén dos valores que se transmiten a través dos contos, pois tamén han de ser tidas en conta as consecuencias que estes valores suporán nas persoas que os tomen como modelos a seguir e imitar: é imprescindible ter en conta que os nenos e as nenas teñen acceso a eles antes practicamente que a calquera outro factor.

Os contos transmítenlles modelos de vida, actitudes adecuadas e metas ideais que alcanzar antes de que sexan quen de distinguilos da propia realidade. O mesmo a familia que a escola válense da literatura infantil quer para transmitir valores quer para entreter. A súa influencia é tan constante e cotiá que se asume con total naturalidade e normalidade na personalidade de nenos e nenas.

A literatura infantil así como o conto ten moito que ver en todo o anteriormente analizado. Os contos transmiten os roles de xénero e socializan en valores sexistas. É un feito indubidábel a estreita relación existente entre a literatura infantil e a transmisión de diversos valores ou, dito doutro xeito, a existencia dun discurso moral nos libros que compoñen a literatura actual que se reflicte no estilo, no léxico e mesmo no idioma que utilizamos; nas personaxes e no papel que desempeñan; na actitude favorábel ou contraria a algúns estereotipos...

Seguindo estes presupostos, o alumnado de 3 anos, analizou cada unha das personaxes do conto de Carapuchiña Vermella para averiguar se os contos reproducían estereotipos e roles destinados a cada sexo. Partimos do conto clásico de Carapuchiña no que a nena non ten un nome asignado, senón que a chaman Carapuchiña por unha prenda que usa adoito; móstrase en todo o relato submisa, medorenta, desobediente, manipuladora, con falta de valor para a acción e para a toma de decisións, cun aspecto físico e delicado e mostrando un estereotipo da beleza.

A avoa, móstrase como unha muller fráxil, submisa e de pouco valor.



O cazador ou leñador (dependendo da versión) é un home forte, rudo, valente que salva as mulleres das dificultades nas que se atopan.

Despois de ler varias versións do conto (que atopamos na biblioteca do centro ou que nenos e nenas traían das súas casas) chegamos á conclusión de que os contos clásicos mostran estereotipos atribuídos a cada un dos sexos, xa que notamos que poden cambiar as personaxes do cazador pola do leñador, a comida que leva Carapuchiña na cesta ou o lugar onde se esconde a avoa, mais Carapuchiña, na maior parte das versións dos

contos, non ten nome, mostrase medorenta e ten falta de valor para tomar as súas propias decisións. Mentres, o leñador, ou o cazador, (o home) salva as dúas mulleres da ameaza que supón o “lobo feroz”

Finalmente creamos un novo conto de Carapuchiña Vermella na que Carapuchiña é unha nena valente que mostra os seus sentimentos e resolve ela soa as situacións que se vai atopando.

Este conto que elaboramos presentámolo na Edición do Salón do Libro “Mulleres de Conto”

Aula de 4ª de Educación Infantil do Ceip San Martiño

Titora : María del Puerto Garrido Acuña